

- 1.- O título II do Regulamento do Parlamento de Galicia ten por rúbrica:
 - a) Do estatuto dos deputados.
 - b) Dos dereitos dos deputados.
 - c) Da suspensión e perda da condición de deputado.

- 2.- O título IV do Regulamento do Parlamento de Galicia ten por rúbrica:
 - a) Das comisións.
 - b) Da Xunta de Portavoces.
 - c) Da organización do Parlamento.

- 3.- Segundo o artigo 38 do Regulamento do Parlamento de Galicia, as decisións da Xunta de Portavoces adoptaranse sempre:
 - a) Por maioría cualificada.
 - b) Por maioría absoluta.
 - c) Por voto ponderado.

- 4.- Segundo o artigo 47 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a Comisión do Estatuto dos Deputados estará composta por:
 - a) Un membro de cada un dos grupos parlamentarios.
 - b) Dous membros de cada un dos grupos parlamentarios.
 - c) Pola Mesa do Parlamento máis un deputado de cada grupo parlamentario.

- 5.- Segundo o artigo 72 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a orde do día das comisións será fixada:
 - a) Polo seu presidente.
 - b) Pola súa respectiva Mesa.
 - c) Polo presidente do Parlamento.

- 6.- Segundo o artigo 80 do Regulamento do Parlamento de Galicia, os grupos parlamentarios intervirán nas roldas xerais:
 - a) En orde inversa á súa importancia numérica.
 - b) Comezando polo grupo de maior número de membros.
 - c) Comezando polo grupo que ordene a Presidencia.

7.- Segundo o artigo 122 do Regulamento do Parlamento de Galicia, as proposicións de lei presentaranas:

- a) Un deputado/a coa sinatura doutros catro membros da Cámara.
- b) Un grupo parlamentario coa sinatura do seu portavoz.
- c) Ambas as dúas respostas son correctas.

8.- Segundo o artigo 112 do Regulamento do Parlamento de Galicia, unha vez publicado un proxecto de lei, os deputados e os grupos parlamentarios terán un prazo para presentar emendas de:

- a) 20 días.
- b) 30 días.
- c) 15 días.

9.- Segundo o artigo 138 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a moción de censura deberá ser proposta:

- a) Pola terceira parte dos deputados.
- b) Pola quinta parte dos deputados.
- c) Pola maioría absoluta.

10.- Segundo o artigo 139 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a cuestión de confianza presentarase en escrito motivado:

- a) Ante a Mesa do Parlamento.
- b) Ante a Xunta de Portavoces.
- c) Ante o presidente do Parlamento.

11.- Segundo o artigo 162.2 do Regulamento do Parlamento de Galicia, o presidente da Comisión ou da Cámara poderá acumular as proposicións non de lei para o seu debate cando sexan:

- a) Relativas a un mesmo tema.
- b) Relativas a temas conexas entre si.
- c) As dúas anteriores son correctas.

12.- Segundo o artigo 151.2 do Regulamento do Parlamento de Galicia, poderanse presentar emendas ás mocións incluídas nunha sesión plenaria:

- a) Ata 6 horas antes do comezo desta.
- b) Ata 12 horas antes do comezo desta.
- c) Ata 24 horas antes do comezo desta.

13.- Segundo o artigo 141.bis do Regulamento do Parlamento de Galicia, o Pleno celebrará o debate sobre política xeral da Comunidade Autónoma:

- a) Con carácter anual.
- b) Cada dous anos.
- c) En cada período de sesións.

14.- Segundo o artigo 143 do Regulamento do Parlamento de Galicia, os membros da Xunta comparecerán para celebrar unha sesión informativa:

- a) Por petición propia.
- b) Cando así o solicitar a comisión correspondente.
- c) As dúas son correctas.

15.- Os decretos lei son:

- a) Normas subordinadas á lei ditados polo Goberno para casos de urxente e extraordinaria necesidade.
- b) Normas con rango de lei ditados polo Goberno para casos de urxente e extraordinaria necesidade.
- c) Normas con rango de lei ditados polo Goberno para casos determinados.

16.- As normas con rango de lei aprobadas polo Goberno que conteñen lexislación delegada denomínanse:

- a) Decretos lei.
- b) Reais decretos.
- c) Decretos lexislativos.

17.- Conforme o artigo 97 da Constitución, o regulamento é unha norma de carácter xeral ditada:

- a) Polo Goberno.
- b) Pola Administración.
- c) Polo Poder Lexislativo.

18.- Os regulamentos que se encargan de desenvolver o contido dunha lei denomínanse:

- a) Regulamentos independentes.
- b) Regulamentos normativos.
- c) Regulamentos executivos.

19.- De conformidade co artigo 36 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os actos administrativos:

- a) Produciranse case sempre por escrito.
- b) Produciranse case sempre de forma verbal.
- c) Produciranse por escrito a través de medios electrónicos, salvo que a súa natureza esixa outra forma máis axeitada de expresión e constancia.

20.- Os actos administrativos son válidos e producen efectos desde:

- a) A data en que se ditén.
- b) 7 días despois de seren ditados.
- c) 10 días despois de seren ditados.

21.- ¿Que potestade das relacionadas a continuación se regula segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas?

- a) A potestade pública.
- b) A do goberno.
- c) A regulamentaria.

22. Só mediante lei, cando resulte eficaz, proporcionado e necesario para a consecución dos fins propios do procedemento, e de maneira motivada, poderán incluírse trámites adicionais ou distintos aos contemplados nesta lei. Poderán establecerse especialidades do procedemento referidas aos órganos competentes, prazos propios do concreto procedemento por razón da materia, formas de iniciación e terminación, publicación e informes a recoller: ¿de que modo, segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas?

- a) Por lei da autonomía respectiva.
- b) Mediante acordo do Consello de Ministros.
- c) Regulamentariamente.

23. A lingua dos procedementos tramitados pola Administración xeral do Estado será o castelán. Non obstante o anterior, os interesados que se dirixan aos órganos da Administración xeral do Estado con sede no territorio dunha comunidade autónoma poderán utilizar tamén ¿que lingua?:

- a) A lingua que sexa alí oficial.
- b) A lingua que sexa cooficial nela.
- c) A lingua que sexa de uso común.

24. No caso de procedementos en comunidades bilingües, o procedemento tramitárase na lingua elixida polo interesado. De concorreren varios interesados no procedemento e existir discrepancia en canto á lingua, o procedemento tramitarse en castelán, se ben os documentos ou testemuños que requiran os interesados expediranse ¿en que lingua?

- a) Na lingua elixida pola administración.
- b) Na lingua elixida polos interesados.
- c) Na lingua elixida polos que o iniciaron.

25. Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a declaración de lesividade non poderá adoptarse unha vez transcorridos ¿que prazos desde que se ditou o acto administrativo e exixirá a previa audiencia de cantos aparezan como interesados nel, nos termos establecidos polo artigo 82?

- a) Un mes.
- b) Dous meses.
- c) Catro anos.

26. Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, transcorrido o prazo de seis meses desde a iniciación do procedemento de lesividade sen que se declarase a lesividade, ¿producirase a caducidade?

- a) Ou o arquivo.
- b) A instancia de parte.
- c) Si.

27. Nos contratos do sector público poderá incluírse calquera pacto, cláusula e condición, sempre que non sexan contrarios ¿a cales dos seguintes aspectos, segundo a Lei de contratos do sector público?

- a) Ao interese público xeral.
- b) Ao ordenamento xurídico-administrativo contractual.
- c) Aos principios de boa administración.

28. Só poderán fusionarse prestacións correspondentes a diferentes contratos nun contrato mixto cando esas prestacións se atopen directamente vinculadas entre si e manteñan relacións de complementariedade que exixan a súa consideración e tratamento como unha unidade funcional dirixida á satisfacción dunha determinada necesidade ou á consecución dun fin institucional propio ¿de que entidade das seguintes, segundo a Lei de contratos do sector público?:

- a) Da delegante.
- b) Da delegada.
- c) Da contratante.

29. No concurso de proxectos, á primeira sub-fase serán invitados simultaneamente e por escrito os candidatos seleccionados para que presenten unha idea concisa acerca do obxecto do concurso ante o órgano de contratación, debendo estas ser valoradas polo xurado conforme os criterios de adxudicación previamente establecidos de acordo co indicado na Lei 9/2017. ¿En que prazo, segundo a Lei de contratos do sector público?:

- a) No prazo que proceda de conformidade co disposto no artigo 136.
- b) No prazo de 15 días en todo caso.
- c) No prazo de un mes hábil.

30. En calquera caso, o número de candidatos invitados no concurso de proxectos deberá ser suficiente para garantir unha competencia real. O número mínimo de candidatos será ¿cal dos seguintes, segundo a Lei de contratos do sector público?:

- a) Dous.
- b) Tres.
- c) Catro.

31. Segundo o Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia, ¿a quen lle compete o levantamento de actas das sesións secretas?:

- a) Ao Gabinete da Presidencia.
- b) Ao xefe do Servizo de Asistencia Parlamentaria.
- c) Ao Servizo de Publicacións.

32. Segundo o Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia, ¿a quen lle compete o control de accesos ao recinto parlamentario?:

- a) Ao Gabinete da Presidencia.
- b) Ao xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior.
- c) Á letrada ou letrado oficial maior.

33. Segundo as bases xerais para as convocatorias das provisións de postos de traballo polo sistema de concurso de méritos no Parlamento de Galicia, deberase valorar principalmente:

- a) A traxectoria profesional dos funcionarios do Parlamento de Galicia.
- b) A antigüidade dos funcionarios do Parlamento de Galicia.
- c) As titulacións académicas dos funcionarios do Parlamento de Galicia.

34. Segundo o Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia, ¿cando se entende que existe infrarepresentación do sexo feminino, para os efectos de admitir unha muller, no caso de que existan méritos iguais entre dúas ou máis persoas candidatas a un posto?:

- a) Cando a diferenza porcentual entre o número de mulleres e homes no conxunto de corpos da Administración parlamentaria sexa de vinte puntos.
- b) Cando a diferenza porcentual entre o número de mulleres e homes no corpo, escala, grupo ou categoría do posto sexa de vinte puntos.
- c) Cando a diferenza porcentual entre o número de mulleres e homes no corpo, escala, grupo ou categoría do posto sexa de dez puntos.

35. Segundo o Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia, un funcionario de carreira en situación de servizos especiais, ¿poderá participar nos concursos para a provisión de postos de traballo?

- a) Si.
- b) Si, se renuncia á súa situación de servizos especiais.
- c) Non.

36. Segundo o Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia, ¿cal das seguintes actividades poderá ser exercida polo persoal funcionario en servizo activo, sen previo recoñecemento de compatibilidade?:

- a) A participación ocasional en coloquios e programas en calquera medio de comunicación social.
- b) A elaboración de informes ou ditames para as administración públicas.
- c) A intervención profesional en recursos de inconstitucionalidade.

37. Segundo o artigo 6 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, ¿cal dos seguintes órganos non forma parte dos órganos consultivos e de participación da Administración autonómica en materia de igualdade?:

- a) O Consello Galego das Mulleres.
- b) A Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva.
- c) A Comisión Interdepartamental de Igualdade.

38. Segundo o artigo 57 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, ¿cal dos seguintes aspectos debe constar, entre outros, na declaración de principios que se debe elaborar para previr o acoso sexual entre o persoal ao servizo da Administración pública galega?:

- a) O establecemento dun procedemento informal de solución.
- b) A educación e a formación profesional, coa finalidade de aumentar as súas capacidades técnicas no exercicio das súas actividades.
- c) A información das posibles sancións disciplinarias derivadas do acoso sexual.

39. Segundo o Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia, ao persoal funcionario interino recoñeceránselle os trienios correspondentes a:

- a) Os servizos non prestados noutras administracións.
- b) Os servizos prestados antes da entrada en vigor deste estatuto.
- c) Os servizos prestados con posterioridade á entrada en vigor deste estatuto.

40. Segundo as Normas reguladoras do réxime retributivo na situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo da Administración do Parlamento de Galicia, o complemento retributivo de todo o persoal funcionario ou laboral, incluído no réxime xeral da Seguridade Social, alcanzará:

- a) Dende o terceiro día en situación de incapacidade temporal, o cen por cento das súas retribucións ordinarias do mes de inicio da incapacidade temporal.
- b) Dende o primeiro día en situación de incapacidade temporal, sumado á prestación do réxime xeral da Seguridade social, o cen por cento das súas retribucións ordinarias do mes de inicio da incapacidade temporal.
- c) Dende o primeiro día en situación de incapacidade temporal, restado á prestación do réxime xeral da Seguridade social, o cen por cento das súas retribucións ordinarias do mes de inicio da incapacidade temporal.

41. Segundo o art. 14 do Regulamento de réxime orzamentario e contable do Parlamento de Galicia e do Valedor do Pobo, non é unha fase do gasto:

- a) O recoñecemento da obriga.
- b) O ordenamento de pago.
- c) A intervención material do pago.

42. Segundo o art. 15 do Regulamento de réxime orzamentario e contable do Parlamento de Galicia e do Valedor do Pobo:

- a) Dentro do importe dos créditos autorizados no orzamento, correspóndelle á Mesa do Parlamento ou, se é o caso, ao Valedor do Pobo a aprobación dos actos de autorización e disposición dos gastos.
- b) A Mesa do Parlamento poderá delegar no letrado oficial maior a aprobación de créditos de autorización ou disposición ata a contía que se determine.
- c) Ambas son correctas.

43. Red-Parlamentaria regúlase por:
- a) Un convenio de colaboración.
 - b) Un acordo de cooperación.
 - c) A súa lei de creación.
44. Segundo o Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia, a xestión dos fondos bibliográficos e documentais correspóndelle ao:
- a) Servizo de Publicacións.
 - b) Servizo de Asistencia Parlamentaria.
 - c) Servizo de Persoal e Réxime Interior.
45. ¿Que combinación de teclas hai que pulsar para introducir máis dunha liña de texto nunha cela de Excel?
- a) Ctrl + Maiúscula.
 - b) Ctrl + Intro.
 - c) Alt + Intro.
46. En Word, ¿que método abreviado nos permite inserir un salto de páxina?
- a) Ctrl + Maiúscula.
 - b) Ctrl + Intro.
 - c) Alt + Intro.
47. En Outlook, ¿como se indica que unha mensaxe leva incluído un arquivo adxunto?:
- a) Cunha admiración.
 - b) Cun clip.
 - c) Dependerá do tipo de arquivo adxunto.
48. En Outlook, para solicitar unha confirmación de lectura, deberá marcar a opción dentro do menú:
- a) «Opcións».
 - b) «Insertar».
 - c) «Mensaxe».

49. Se desexa asinar documentos dixitalmente en Adobe Acrobat Reader, deberá seleccionar a ferramenta:

- a) «Firmar y rellenar».
- b) «Insertar».
- c) «Certificados».

50. En Adobe Acrobat Reader, ¿que método abreviado nos permite realizar unha busca dentro do documento?:

- a) Ctrl + F
- b) Ctrl + B
- c) Intro + B

Preguntas reserva:

R1. Segundo o artigo 23 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a constitución inicial de grupos parlamentarios farase dentro dos:

- a) 3 días seguintes á sesión constitutiva do Parlamento.
- b) 7 días seguintes á sesión constitutiva do Parlamento.
- c) 5 días seguintes á sesión constitutiva do Parlamento.

R2. Segundo o artigo 83 do Regulamento do Parlamento de Galicia, se, chegado o momento da votación para adoptar acordos, non existir quórum, pospoñerase a votación:

- a) Polo prazo máximo de dez minutos.
- b) Polo prazo máximo de vinte minutos.
- c) Polo prazo máximo de dúas horas.

R3. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, aplícase ao sector público. ¿Que comprende o sector público de entres as seguintes aseveracións?:

- a) A Administración do Estado, segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas.
- b) As administracións territoriais das comunidades autónomas.
- c) As entidades que, segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, integran a Administración local.

R4. Segundo o Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia, cando un funcionario de carreira sexa nomeado membro do Consello Consultivo, ¿a que situación administrativa pasará?:

- a) A servizos noutras administración públicas.
- b) A servizos especiais.
- c) A excedencia voluntaria.

R5. Segundo o art. 14 do Regulamento de réxime orzamentario e contable do Parlamento de Galicia e do Valedor do Pobo, un mesmo acto administrativo pode abarcar máis dunha das fases da execución do orzamento de gastos, podendo darse o seguinte caso:

- a) Autorización-disposición.
- b) Autorización-ordenamento do pago.
- c) Recoñecemento da obriga-intervención material do pago